



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE FORMACIÓN

Anuncio

CONVOCATORIA CURSO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2019

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), mediante Resolución do 26 de febreiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2019, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 50, do 12 de marzo de 2019.

Aprobadas as accións formativas de Formación Continua da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 na Mesa Provincial de Formación, en reunión mantida o 03-04-2019, e mediante Resolución da Presidencia de 29-04-2019 a Sección de Formación propón a publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP das seguintes accións formativas:

- 01.03.01.19 A CONTRATACIÓN PÚBLICA LOCAL. BASES PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO. PARA TÉCNICOS. "MODALIDADE PRESENCIAL"
- 01.04.01.19 A CONTRATACIÓN PÚBLICA LOCAL. BASES PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO. PARA PERSOAL ADMINISTRATIVO. "MODALIDADE PRESENCIAL"

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

PRIMEIRA.- SOLICITUDES

1. O persoal que desexe participar neste curso presentará cuberta, en todos os epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos son de obrigatoria cumprimentación. No caso dos cursos que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente así como o selo da entidade.
2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.
3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **18 DE SETEMBRO DE 2019 ÁS 13:00 H.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.
4. A dita documentación dirixirase ó Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Sección de Formación, por:
 - **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
 - **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.
 - **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
 - **E demais lugares** de conformidade co artigo. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- ACCESO E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.
2. Reservarase un 5% do número de prazas para traballadores con discapacidade, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorporárase como criterio de valoración na

participación nos cursos de formación de empregados públicos o estar afectado por unha discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a ésta todas as vacantes que queden sen solicitantes.

3. A Sección de Formación poñerá en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ao teléfono 982 260 065.

4. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRA.- CERTIFICACIÓNS

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o alumno non se presentase á sesión presencial, será excluído deste.

a) **Certificación de asistencia, ou**

b) **Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

CUARTA.- MODIFICACIÓNS

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

Lugo, 30 de agosto de 2019. O Presidente: José Tomé Roca. A Secretaria: María Esther Álvarez Martínez

c) **BASES XERAIS**

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.03.01.19

Denominación: A CONTRATACIÓN PÚBLICA LOCAL. BASES PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRE. PARA TÉCNICOS. MODALIDADE PRESENCIAL

Destinatarios: Personal técnico da administración local encargado da contratación

- Fundamentalmente técnico administrativo (xurídico e económico) que se encargue da tramitación das distintas contratacións e da elaboración dos pregos de cláusulas administrativas.
- Personal técnico que elabore a documentación que se incorpora aos expedientes de contratación: consultas ao mercado, elección de procedemento, necesidades da administración a satisfacer, insuficiencia de medios, non división do obxecto do contrato, documentos económicos, etc.
- Personal de titulacións técnicas para a elaboración dos prego de prescricións técnicas, a dirección, control e recepción dos distintos contratos das administracións públicas.
- Incluese ao personal con titulacións e coñecementos da rama informática para implantación da licitación electrónica, a subastas electrónicas e/ous os procedementos dinámicos de contratación.
- Personal técnico que valore os criterios subxectivos de adxudicación de ofertas e, no seu caso, os criterios de negociación.
- Personal que informe ofertas desproporcionadas.
- En xeral, interesados na contratación pública para tomar coñecemento das importantes novidades da Lei de contratos do sector público, con incidencia na transparencia e integridade e na contratación pública estratéxica: socialmente responsable, ambientalmente sostible e innovadora e con mecanismos para promover o acceso a contratación das PEMES.
- Persoal que desenvolva as funcións de responsable dos distintos contratos administrativos.
- Persoal encargado da dirección técnica da execución dos contratos e que informes e que informe ás prestacións dos contratistas.

Participantes: 20

Horas: 30

Datas realización: Do 21 ao 30 de outubro de 2019

Horario: Das 16:30 h ás 20:30 h (21, 22, 23, 24 e 25 de outubro)

Das 16:30 h ás 19:20 h (28, 29 e 30 de outubro)

Lugar de celebración: Aulas do CEI-NODUS

OBXECTIVOS:

- Tomar coñecemento sistemático e transversal da recente Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro), con especial atención ás singularidades das EELL, en especial as de menor poboación.
- Dominar a delimitación xeral da contratación do sector público: Negocios e contratos excluídos.
- Estudiar a contratación suxeita a regulación armonizada: consecuencias.
- Coñecer a implementación dos principios tradicionais e os máis recentes no ordenamento xurídico da contratación do sector público.
- Manexar as distintas fases da contratación pública: preparación, adxudicación, execución.
- Adentrarse na configuración xeral da contratación do sector público, cos seus elementos estruturais.
- Tramitar expedientes de contratación e os distintos procedementos de adxudicación: Pautas para a emisión de informes.
- Coñecer a tramitación dos recursos administrativos en materia de contratación, con singular atención ao recurso especial en materia de contratación. O réxime de invalidez dos contratos.
- Familiarizarse, coñecer a tramitar os aspectos administrativos da execución, cumprimento e extinción dos contratos.
- Estudiar, con singular atención, o obxecto, o presuposto base de licitación o valor estimado, o prezo do contrato e a súa revisión.
- Estudiar a preparación dos contratos e salientar a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas: contido de cada un destes documentos, natureza xurídica. relación entre ambos documentos; impugnación, etc,
- Estudo da racionalización técnica da contratación. A compra agregada.
- Coñecer a configuración dos distintos tipos de contratos das administracións públicas: obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministrados, servizos. Outros contratos.
- Especial atención ás especialidades de cada un dos distintos tipos de contratos das administracións públicas: duración; dereitos e deberes que definen a cada un deles; execución; cumprimento, recepción; causas de resolución; períodos de garantía.
- Tomar coñecemento da organización administrativa para a xestión da contratación.
- Desenvolver talleres prácticos sobre a Lei de contratos do sector público.
- Taller práctico para a elaboración de Pregos de condicións en contratación e información a proporcionar aos licitadores.

PROGRAMA:

TEMA 1.- ÁMBITO SUBXECTIVO E OBXECTIVO DA LEI. DELIMITACIÓN DOS TIPOS CONTRACTUAIS. PRINCIPIOS DA CONTRATACIÓN. PRINCIPAIS NOVEDADES NA SÚA APLICACIÓN.

Ámbito subxectivo (poderes adxudicadores, sector público e Administracións Públicas). O órgano de contratación.

Ámbito obxectivo: negocios e contratos excluídos

Convenios e encomendas de xestión. A execución directa de prestacións pola propia administración. Encargos a medios propios personificados.

Contratos administrativos típicos, contratos administrativos especiais e contratos privados. Contratos mixtos.

Contratos sometidos a regulación harmonizada

Principios da contratación

Formulación de casos prácticos

TEMA 2.- PREPARACIÓN DOS CONTRATOS. INDICACIÓNS PARA A SÚA POSTA EN PRÁCTICA

Obxecto: necesidade e idoneidade. Ampliación das necesidades de xustificación.

A división en lotes como regra xeral e o fraccionamento irregular.

Elaboracións dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas

Expediente de contratación. Tramitación ordinaria, urxente e de emerxencia.

A subrogación de persoal

Formulación de casos prácticos

TEMA 3.- OS ASPECTOS ECONÓMICOS DA CONTRATACIÓN PÚBLICA. APLICACIÓN PRÁCTICA

Os prezos dos contratos e a súa revisión

O orzamento base de licitación e o valor estimado

Fiscalización dos contratos

A asistencia preceptiva á recepción formal

Formulación de casos prácticos

TEMA 4.- NOVIDADES DOS PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN DENDE UNHA VISIÓN PRÁCTICA

O contrato menor

O procedemento aberto simplificado

O procedemento negociado con e sen publicidade

O procedemento de asociación para a innovación

Os sistemas para a racionalización da contratación das Administracións Públicas

Formulación de casos prácticos

TEMA 5.- A ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN E PUBLICIDADE. EVOLUCIÓN A RAÍZ DAS RECENTES RESOLUCIÓN DO TACRC

O contratista: acreditación da capacidade e solvencia. O DEUC como declaración responsable. As prohibicións de contratar

Criterios de adxudicación e valoración dos criterios. Evolución das cláusulas sociais e medioambientais.

As mesas de contratación. Composición e funcións. Análise dos cambios

Ofertas desproporcionadas

Formalización. Publicidade dos contratos

Formulación de casos prácticos

TEMA 6.- EXECUCIÓN DOS CONTRATOS: EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN. NOVIDADES TRAS UN ANO DA SÚA APLICACIÓN.

Efectos: obrigas recíprocas.

Funcións do responsable da execución.

Supostos de incumprimentos. Penalidades. Suspensión.

As modificacións dos contratos e demais prerrogativas da Administración.

Cesión e subcontratación. Pagos a Subcontratistas

Extinción: cumprimento e causas de resolución. Recepción e período de garantía.

Formulación de casos prácticos

TEMA 7.- OS CONTRATOS DE OBRAS E SUBMINISTROS. VISIÓN PRÁCTICA

Preparación do contrato de obras. Os proxectos. Presentación de proxectos polo contratista.

Execución e recepción do contrato de obras. En especial a modificación. A extinción. A responsabilidade na execución do contratos de obras.

O contrato de subministro dende unha visión práctica. En especial os subministros periódicos a prezos unitarios.

Execución, cumprimento e resolución dos contratos de subministros.

Formulación de casos prácticos

TEMA 8.- OS CONTRATOS DE CONCESIÓN DE OBRAS E DE SERVIZOS. VISIÓN PRÁCTICA

As diferentes formas de xestión dos servizos públicos locais.

O risco operacional: delimitación da concesión de obras e servizos, respecto dos contratos de obras e servizos. Cumprimento e extinción.

Concesión de obras: Réxime xurídico e Preparación; efectos cumprimento e extinción
Concesión de servizos: Réxime xurídico e preparación; efectos cumprimento e extinción
Formulación de casos prácticos

TEMA 9.- OS CONTRATOS DE SERVIZOS. VISIÓN PRÁCTICA

Os diferentes tipos de contratos de servizos e a súa duración
Servizos comúns e especiais. Actividades docentes. Servizos ás persoas e servizos á cidadanía.
Execución, cumprimento e extinción.
Formulación de casos prácticos

TEMA 10.- O CONTROL DA CONTRATACIÓN. AMPLIACIÓN SUBXECTIVA E OBXECTIVA

Réxime de invalidez dos contratos.
Recursos administrativos e xurisdicionais. Xurisdición competente
O recurso especial en materia de contratación.
Órganos consultivos
Formulación de casos prácticos

TEMA 11.- PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO ESTADO

11.1.- INTRODUCCIÓN

Adhesión á plataforma
Creación e configuración do órgano de asistencia

11.2.- ORGANO DE CONTRATACIÓN: CREACIÓN DUNHA LICITACIÓN NA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

Datos básicos de licitación
Documentos básicos da licitación
Definición dos criterios de admisión
Definición dos criterios de avaliación
Definición dos SOBRES. Vinculación dos criterios en cada sobre.
Eventos

11.3.- LICITADORES. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

11.4.- SESIÓNS DO ÓRGANO DE ASISTENCIA. MESAS DE CONTRATACIÓN

Creación dunha nova sesión
Convocatoria e envío da sesión
Apertura de sobres na sesión
Valoración dos criterios na sesión
Proposta de adxudicación na sesión

11.5 EXPERIENCIA NA DEPUTACIÓN: CASOS PRÁCTICOS

Licitación con lotes
Licitación con invitacións
Servizo de soporte e asistencia
Preguntas e resolución de dúbidas.

Código A. F.: 01.04.01.19

Denominación: A CONTRATACIÓN PÚBLICA LOCAL. BASES PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO. PARA PERSOAL ADMINISTRATIVO. MODALIDADE PRESENCIAL

Destinatarios: Personal administrativo da administración local da provincia de Lugo encargado da xestión dos contratos, desde a fase de preparación, pasando pola licitación e adxudicación, ata a execución e extinción.

Inclúe tanto ao persoal encargado dos procedementos administrativos como de gasto; aos empregados que colaboren na xestión administrativa ben referida a preparación dos contratos (memorias xustificadoras, elaboración de pregos) como a fase de execución, recepción e verificación do cumprimento. E, igualmente, ao persoal que desempeñe tarefas como responsable de contratos.

Persoal con coñecementos informáticos que colabore na implantación da licitación electrónica e deba coñecer basicamente os procedementos administrativos, relativos a contratación. Destacar neste apartado a celeridade e axilidade que pode reportar a implantación do procedemento aberto simplificado sumario (Art. 159.6 LCSP), que demanda o auxilio de ferramentas informáticas.

A necesaria aplicación da nova Lei de Contratos do sector público esixe profesionalización e colaboración de persoal de funcións administrativas e técnicas; singularmente e a mero título de exemplo, cabe salienta coñecementos horizontais para o distinto persoal administrativo das EELL da provincia:

- O persoal administrativo debe dominar os novos paradigmas da contratación pública estratéxica, pero tamén da transparencia e integridade. Aspectos como a necesidade e idoneidade da contratación, a súa eficiencia; a información exhaustiva a publicar no perfil do contratante e o seu manexo; elaborar as memorias ou documentos que xustifiquen as distintas decisións adoptadas en materia de contratación, como contido do expediente administrativo; a elaboración de estudos de custes, etc.
- O persoal administrativo debe coñecer a composición e funcións das mesas de contratación ou as funcións do responsable do contrato.
- Resulta relevante coñecer o réxime dos contratos menores e a súa implementación práctica.
- O novo sistema de recursos en contratación do sector público, redacción de acordos de adxudicación, notificación, formalización de contratos, etc.
- Elaborar e render aos órganos administrativos e de control externo información contractual.

En xeral, dominar os termos conceptuais e a práctica da contratación socialmente responsable, ambientalmente sostible e innovadora, xunto cos mecanismos para promover o acceso a contratación das PEMES.

Participantes: 20

Horas: 30

Datas realización: Do 7 ao 16 de outubro de 2019

Horario: Das 16:30 h ás 20:30 h (7, 8, 9, 10 e 11 de outubro)

Das 16:30 h ás 19:20 h (14, 15 e 16 de outubro)

Lugar de celebración: Aulas do CEI-NODUS

OBXECTIVOS:

- Exposición da lexislación de contratos do sector público, desde unha perspectiva eminentemente práctica. Coñecer a normativa vixente, con especial atención ao ámbito local: Explicación das cuestións prácticas que se suscitan con maior habitualidade nas EELL, particularmente as de menor dimensión, como ocorre na Provincia de Lugo.
- Implementar pautas para responder con unha xestión eficaz á contratación pública estratéxica, en particular na contratación administrativa: socialmente responsable, comprometida coa sostibilidade ambiental; innovadora e dinamizadora do tecido económico e empresarial; impulsar desde a contratación local a economía do coñecemento.
- Familiarizarse coa contratación electrónica e instrumentos para a racionalización técnica da contratación e a contratación agregada
- Coñecer o rol dos "Tribunales de contratos públicos" na construción dun ordenamento da contratación do sector público.
- Estudiar a contratación suxeita a regulación armonizada: consecuencias.
- Domianar as técnicas para a xustificación das distintas decisións adoptadas en contratación do sector público.
- Coñecer a implementación dos principios tradicionais e os máis recentes no ordenamento xurídico da contratación do sector público.
- Manexar as distintas fases da contratación pública: preparación, adxudicación, execución.
- Saber a delimitación dos tipos de contratos e a configuración xeral da contratación do sector público, cos seus elementos estruturais.
- Tramitar expedientes de contratación e os distintos procedementos de adxudicación.

- Familiarizarse, coñecer e tramitar os aspectos administrativos da execución, cumprimento e extinción dos contratos.
- Analizar os distintos tipos de contratos das administracións públicas: obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministros, servizos. Outros contratos.
- Tomar coñecemento da organización administrativa para a xestión da contratación.
- Desenvolver talleres prácticos sobre a Lei de Contratos do Sector Público.

PROGRAMA:**TEMA 1.- ÁMBITO SUBXECTIVO E OBXECTIVO DA LEI. DELIMITACIÓN DOS TIPOS CONTRACTUAIS. PRINCIPIOS DA CONTRATACIÓN. PRINCIPAIS NOVEDADES NA SÚA APLICACIÓN.**

Ámbito subxectivo (poderes adxudicadores, sector público e Administracións Públicas). O órgano de contratación.

Ámbito obxectivo: negocios e contratos excluídos

Convenios e encomendas de xestión. A execución directa de prestacións pola propia administración. Encargos a medios propios personificados.

Contratos administrativos típicos, contratos administrativos especiais e contratos privados. Contratos mixtos.

Contratos sometidos a regulación harmonizada

Principios da contratación

Formulación de casos prácticos

TEMA 2.- PREPARACIÓN DOS CONTRATOS. INDICACIÓN PARA A SÚA POSTA EN PRÁCTICA

Obxecto: necesidade e idoneidade. Ampliación das necesidades de xustificación.

A división en lotes como regra xeral e o fraccionamento irregular.

Elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas

Expediente de contratación. Tramitación ordinaria, urxente e de emerxencia.

A subrogación de persoal

Formulación de casos prácticos

TEMA 3.- OS ASPECTOS ECONÓMICOS DA CONTRATACIÓN PÚBLICA. APLICACIÓN PRÁCTICA

Os prezos dos contratos e a súa revisión

O orzamento base de licitación e o valor estimado

Fiscalización dos contratos

A asistencia preceptiva á recepción formal

Formulación de casos prácticos

TEMA 4.- NOVEDADES DOS PROCEDIMENTOS DE ADXUDICACIÓN DENDE UNHA VISIÓN PRÁCTICA

O contrato menor

O procedemento aberto simplificado

O procedemento negociado con e sen publicidade

O procedemento de asociación para a innovación

Os sistemas para a racionalización da contratación das Administracións Públicas

Formulación de casos prácticos

TEMA 5.- A ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN E PUBLICIDADE. EVOLUCIÓN A RAÍZ DAS RECENTES RESOLUCIÓN DO TACRC

O contratista: acreditación da capacidade e solvencia. O DEUC como declaración responsable. As prohibicións de contratar

Criterios de adxudicación e valoración dos criterios. Evolución das cláusulas sociais e medioambientais.

As mesas de contratación. Composición e funcións. Análise dos cambios

Ofertas desproporcionadas

Formalización. Publicidade dos contratos

Formulación de casos prácticos

TEMA 6.- EXECUCIÓN DOS CONTRATOS: EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN. NOVIDADES TRAS UN ANO DA SÚA APLICACIÓN.

Efectos: obrigas recíprocas.

Funcións do responsable da execución.

Supostos de incumprimentos. Penalidades. Suspensión.

As modificacións dos contratos e demais prerrogativas da Administración.

Cesión e subcontratación. Pagos a Subcontratistas

Extinción: cumprimento e causas de resolución. Recepción e período de garantía.

Formulación de casos prácticos

TEMA 7.- OS CONTRATOS DE OBRAS E SUBMINISTROS. VISIÓN PRÁCTICA

Preparación do contrato de obras. Os proxectos. Presentación de proxectos polo contratista.

Execución e recepción do contrato de obras. En especial a modificación. A extinción. A responsabilidade na execución do contratos de obras.

O contrato de subministro dende unha visión práctica. En especial os subministros periódicos a prezos unitarios.

Execución, cumprimento e resolución dos contratos de subministros.

Formulación de casos prácticos

TEMA 8.- OS CONTRATOS DE CONCESIÓN DE OBRAS E DE SERVIZOS. VISIÓN PRÁCTICA

As diferentes formas de xestión dos servizos públicos locais.

O risco operacional: delimitación da concesión de obras e servizos, respecto dos contratos de obras e servizos. Cumprimento e extinción.

Concesión de obras: Réxime xurídico e Preparación; efectos cumprimento e extinción

Concesión de servizos: Réxime xurídico e preparación; efectos cumprimento e extinción

Formulación de casos prácticos

TEMA 9.- OS CONTRATOS DE SERVIZOS. VISIÓN PRÁCTICA

Os diferentes tipos de contratos de servizos e a súa duración

Servizos comúns e especiais. Actividades docentes. Servizos ás persoas e servizos á cidadanía.

Execución, cumprimento e extinción.

Formulación de casos prácticos

TEMA 10.- O CONTROL DA CONTRATACIÓN. AMPLIACIÓN SUBXECTIVA E OBXECTIVA

Réxime de invalidez dos contratos.

Recursos administrativos e xurisdicionais. Xurisdición competente

O recurso especial en materia de contratación.

Órganos consultivos

Formulación de casos prácticos

TEMA 11.- PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO ESTADO

11.1.- INTRODUCCIÓN

Adhesión á plataforma

Creación e configuración do órgano de asistencia

11.2.- ORGANO DE CONTRATACIÓN: CREACIÓN DUNHA LICITACIÓN NA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

Datos básicos de licitación

Documentos básicos da licitación

Definición dos criterios de admisión

Definición dos criterios de avaliación

Definición dos SOBRES. Vinculación dos criterios en cada sobre.

Eventos

11.3.- LICITADORES. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

11.4.- SESIÓNS DO ÓRGANO DE ASISTENCIA. MESAS DE CONTRATACIÓN

Creación dunha nova sesión

Convocatoria e envío da sesión

Apertura de sobres na sesión

Valoración dos criterios na sesión

Proposta de adxudicación na sesión

11.5 EXPERIENCIA NA DEPUTACIÓN: CASOS PRÁCTICOS

Licitación con lotes

Licitación con invitacións

Servizo de soporte e asistencia

Preguntas e resolución de dúbidas



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación

ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Título acción formativa	Código A. F.

2. Datos pessoais			
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.

3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo			Localidade		Provincia		
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico		Teléf. móbil / particular	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>						

Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Funcións que desempeña:					

4. A ter en conta.
Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

5. Declaración
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporsto á solicitude que abaixo asino.

6. Informe Entidade Local
Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade
<input type="checkbox"/> Favorable <input type="checkbox"/> Desfavorable
Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ a _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Gabinete de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoslle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigas segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

R. 2666

CONCELLOS**GUITIRIZ***Anuncio***DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ALCALDÍA**

Por resolución de alcaldía nº 2019-0684 de data 26/08/2019 delegouse as funcións de alcaldía na primeira tenente de alcalde, dona Paula Campo Barral, entre os días 27 de agosto e 3 de setembro de 2019, por ausencia da alcaldesa.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

Guitiriz, 28 de agosto de 2019.- A Alcaldesa en funcións Paula Campo Barral.

R. 2642

LUGO*Anuncio*

Sendo preciso proceder á renovación dos membros do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo, con ocasión da nova Corporación Municipal resultante das pasadas eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio de 2019.

Á vista do artigo 5 do Regulamento vixente, referido á composición, estará constituído por tres membros, designados polo Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) estar en posesión dos títulos universitarios de doutor ou licenciado en dereito, economía, dirección e administración de empresas.
- b) ser ou ter sido, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, pertencentes ás categorías superior ou entrada, ou ben funcionario de carreira do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, pertencentes ao grupo A1.

Excepcionalmente o Pleno, poderá nomear, de forma motivada, a quen sexa ou teña sido funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes ao grupo A2.

Así mesmo, posibilitase de forma excepcional que o Pleno, de forma motivada, poida nomear a persoa que non reúna a condición de funcionario, de acordo con criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

- c) acreditar unha recoñecida competencia técnica en materia tributaria.

É polo que se procede a dar a debida publicidade para que, os interesados que reúnan os requisitos sinalados, presenten solicitude de participación xunto co currículo vitae no Rexistro Xeral ou calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao presente anuncio.

Lugo, 26 de agosto de 2019.- A TNTE. ALCALDESA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RRHH, Paula Alvarellos Fondo.

R. 2643

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o acordo 20/444 **FORMALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL FIXO CON DONA ROCÍO VALCARCEL NEIRA, COMO AUXILIAR DO FOGAR DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

PRIMEIRO.- Formalizar o contrato laboral fixo con dona Rocío Valcarcel Neira como Auxiliar do Fogar do Excmo. Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado á interesada, coa advertencia que deberá proceder á formalización do contrato no prazo dun mes a partir da publicación do acordo de contratación.

TERCEIRO.- Proceder á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.”

Lugo, 29 de xullo de 2019.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 2644

O SAVIÑAO

Anuncio

Cumprindo co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, unha vez que a Comisión Especial de Contas informara favorablemente a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2018, expónse ao público por prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións á referida conta.

O Saviñao, 02 de setembro de 2019.-

R. 2679

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 5 VIGO

Anuncio

D/ RAMÓN ELOY RODRÍGUEZ FRIEIRO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 005 DE VIGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D^a JOSEFA SANTOS MARTINEZ contra BASICO DE MONET BDM, S.L., MONET REUNIDOS S.L. , en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000050 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a BASICO DE MONET BDM, S.L. , MONET REUNIDOS S.L. , en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **15/11/2019 a las 09:40 horas**, en la Secretaría de este Juzgado, para la celebración de la comparecencia, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto 2 de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento. de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **BASICO DE MONET BDM, S.L., MONET REUNIDOS S.L.** , se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

VIGO, veintidós de agosto de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2648

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE VILASOUTO Y DE LA TARIFA DE UTILIZACIÓN DEL AGUA PARA EL REGADÍO DEL VALLE DE LEMOS (LUGO). AÑO 2020.

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidad con lo establecido en los artículos 302 y 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Vilasouto y de la Tarifa de Utilización del Agua para el Regadío del Valle de Lemos, (Lugo). Año 2020", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Los valores del canon y la tarifa obtenidos en el Estudio son los siguientes:

Canon de aplicación.-

- Parcelas susceptibles de riego sin uso: 55,102356 €/Ha.
- Parcelas susceptibles de riego con uso: 121,171634 €/Ha.

Tarifa de aplicación.-

- Parcelas susceptibles de riego sin uso: 77,876465 €/Ha.
- Parcelas susceptibles de riego con uso: 114,445062 €/Ha.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Monforte de Lemos, C/ La Pinguela, s/n, donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

EL DIRECTOR TÉCNICO, Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.

R. 2649

Anuncio

ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE BÁRCENA Y DE LA TARIFA DE UTILIZACIÓN DE LA PRESA DE FUENTE DEL AZUFRE PARA USUARIOS HIDROELÉCTRICOS (LEÓN-LUGO-OURENSE). AÑO 2020.

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidad con lo establecido en los artículos 302 y 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Bárcena y Tarifa de Utilización de la Presa de Fuente del Azufre para Usuarios Hidroeléctricos, (León-Lugo-Ourense). Año 2020", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Los valores obtenidos en el Estudio son los siguientes:

- **Aprovechamiento de pie de Presa de Bárcena:**
Canon 0,00410267768 €/Kwh.
- **Aprovechamientos de aguas abajo de la Presa de Bárcena que no derivan de la Presa de Fuente del Azufre:**
Canon 0,00109015112 €/Kwh.
- **Aprovechamientos de aguas abajo de la Presa de Bárcena que derivan de la Presa de Fuente del Azufre:**
Canon 0,00109015112 €/Kwh.
Tarifa 0,00149113967 €/Kwh.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente a la fecha de la última de las publicaciones de este anuncio en los Boletines Oficiales de las Provincias de León, Lugo y Ourense, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en:

PONFERRADA. Poblado del Embalse de Bárcena, s/n

LUGO. Ronda de la Muralla, 131

OURENSE. Curros Enríquez, 4-2º

donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

EL DIRECTOR TÉCNICO, Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.

R. 2650

Anuncio

ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE VILASOUTO PARA USOS DE ABASTECIMIENTO DE AGUA A POBLACIONES (LUGO). AÑO 2020.

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidad con lo establecido en el artículo 302 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Vilasouto para Usos de Abastecimiento de Agua a Poblaciones, (Lugo). Año 2020", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

El valor del Canon obtenido en el Estudio es el siguiente:

Canon..... 0,07991509954 €/m³.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Monforte de Lemos, C/ La Pinguela, s/n, donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

EL DIRECTOR TÉCNICO, Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.

R. 2651

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

SUBVENCIONES A ASOCIACIONES OU ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIONES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2019

BDNS(Identif.):471758

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria, da que se pode consultar o texto completo na BDNS.

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases as entidades de iniciativa social ás que se refire o artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, que realicen actividades ou desenvolvan proxectos de interese social para o municipio no ámbito dos servizos sociais e que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria e reúnan á finalización do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

- a) Ter a súa razón social ou sede no Concello de Monforte de Lemos.
- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Monforte de Lemos como asociación de clase asistencial.
- d) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello, coa Seguridade Social e Axencia Tributaria.
- e) Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- f) Que a actividade para a que solicitan a subvención estea prevista dentro dos obxectivos da entidade e acorde co establecido na base terceira das bases reguladoras e recollidos nos seus estatutos fundacionais.

g) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixasen nas correspondentes convocatorias.

Segundo. Obxecto

Esta convocatoria pública ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e asociación sen ánimo de lucro que realicen proxectos de prestación de servizos sociais no Concello de Monforte de Lemos para o ano 2019. As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

En concreto, a finalidade destas axudas será contribuir á financiación de actividades e proxectos de interés social desenrolados por entidades e asociacións sin ánimo de lucro no Concello de Monforte de Lemos executados durante o exercicio 2019. Deste xeito, o Concello de Monforte de Lemos pretende fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos complementarios de servizos sociais comunitarios de entidades de iniciativa social previamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións atendendo ó seu interese social, calidade, carácter innovador e articulación efectiva coa oferta pública de servizos sociais comunitarios.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras publícanse na páxina web do Concello de Monforte de Lemos e na BDNS.

Cuarto. Contía

12.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

20 días hábiles a partir da publicación do presente extracto no BOP de Lugo.

MONFORTE DE LEMOS, 29 de agosto de 2019.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 2676

Anuncio

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS NO EL EJERCICIO 2019

BDNS(Identif.):471790

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria da que se pode consultar o texto completo na BDNS.

Primeiro. Beneficiarios: Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria todas as parroquias e barrios do Concello de Monforte de Lemos que promuevan festas populares, actuando como representantes os organizadores das mesmas e sempre que xustifiquen:

- a) Carácter tradicional dos actos para os que solicita a axuda.
- b) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- c) Non ser debedor coa facenda pública e coa Seguridade Social.
- d) Declaración responsable na que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa cuantía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou persoais.
- e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Estas subvencións están suxeitas a IRPF se quen a solicita é unha persoa física, segundo o Artigo 33 da LIRPF, como ganancia patrimonial.

Os beneficiarios poderán solicitar certificación da finalidade da axuda recibida aos efectos de comunicalo á Facenda Estatal.

Segundo. Obxecto: A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar festas populares nos barrios e parroquias do Concello de Monforte.

Terceiro. Bases reguladoras: As bases reguladoras se publican na páxina web do Concello de Monforte e na BDNS.

Cuarto. Contía: 17.500,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia, ata o 4 de outubro de 2019.

MONFORTE DE LEMOS, 30 DE AGOSTO DE 2019.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 2677
